

González Santín apoia a Regina Polín como candidata para “recuperar o futuro para Guitiriz”

O secretario Provincial destacou que “a candidatura de Regina Polín baséase na experiencia política dos anos no concello, pero tamén integra novas caras que veñen a renovala e a aportar novas ideas para completar o proxecto do PSOE no municipio”

A alcaldable indicou que se marca “como obxectivo prioritario o mantemento da poboación do concello nos 5.000 habitantes, para iso, os socialistas presentamos un proxecto de futuro, que garanta oportunidades para a cidadanía e o desenvolvemento do municipio”

A candidata concluíu afirmando que “os socialistas queremos gobernar o concello de Guitiriz mantendo un diálogo permanente con todos os sectores para ter en conta as súas demandas e necesidades”

GUITIRIZ, 30 DE ABRIL DE 2015.- A agrupación socialista de Guitiriz aposta, unha vez máis, pola que fora alcaldesa do municipio durante oito anos, para conseguir, novamente, a alcaldía e “gobernar buscando o ben de todos os veciños e veciñas de Guitiriz”. Na presentación da candidatura que lidera Polín e se presenta baixo o lema “Recuperar o futuro para Guitiriz”, participou tamén secretario Provincial do PSOE – Juan Carlos González Santín-.

González Santín lembrou o traballo feito grazas aos gobernos socialistas neste concello e afirmou que é o momento de recuperar a alcaldía para volver a situar a Guitiriz no lugar no que se merece. O secretario Provincial afirmou que “despois de 4 anos de goberno do PP, chegou o momento de que os veciños e veciñas deixen de pagar as consecuencias de que o rexedor popular e o seu equipo se desentendan dos verdadeiros problemas do municipio”.

Por outra banda, Santín destacou que “a candidatura de Regina Polín baséase na experiencia política dos anos no concello, pero tamén integra novas caras que veñen a renovala e a aportar novas ideas para completar o proxecto do PSOE no municipio”, e engadiu “estou convencido que novos e veteranos traballarán con ilusión e sen descanso por mellorar Guitiriz e a calidade de vida dos seus veciños e veciñas”.

Evitar o despoboamento

Pola súa banda, a alcaldable indicou que se marca “como obxectivo prioritario o mantemento da poboación do concello nos 5.000 habitantes, para iso, os socialistas presentamos un proxecto de futuro, que garanta oportunidades para a cidadanía e o desenvolvemento do municipio”.

Neste senso, Polín, explicou que centra o seu programa en tres ámbitos: económico, sociocultural e medioambiental. En canto ao primeiro, vai encamiñado á creación de emprego polo que se promoverá o renacemento do polígono e dotalo de solo industrial para procurar o asentamento de compañías potentes no municipio. Ademais, a candidata anunciou a creación do primeiro parking de camións seguro da provincia e o apoio ás cooperativas de Guitiriz. “Potenciar o turismo aproveitando o termalismo e as rutas de sendeirismo existentes e de nova creación é outra das nosas propostas para mellorar a economía da vila”, afirmou.

En canto ao ámbito sociocultural, destacou que “avogamos pola construción da residencia-centro de día de xestión pública, e apoiamos a instalación doutra privada en Parga que contará con prazas para usuarios con mobilidade reducida”. “A cultura musical tamén ten cabida no noso programa, e neste ámbito promovemos recuperar a escola de música e crear a Casa da Música, para que os grupos e músicos locais poidan practicar nestas instalacións”, engadiu.

Os socialistas de Guitiriz queren facilitar á cidadanía a conciliación da vida familiar e laboral, por iso plantexan a ampliación do horario do Punto de Atención Infantil. E por último neste apartado sociocultural, a alcaldable sinalou que no ámbito deportivo queremos recuperar vellas disciplinas que desapareceron neste mandato popular, como a ximnasia rítmica, e promover en colaboración coas empresas do municipio, os deportes na natureza.

“Guitiriz intelixente”

No último eixo do programa do PSOE de Guitiriz, Polín destaca o proxecto “Guitiriz Intelixente” co que se cambiará o alumado público reducindo custes e sen ter que facer ningún investimento. “Co aforro de enerxía conseguiremos poñer todas as luminarias de led”, e engadiu “queremos crear unha planta de biomasa aproveitando a riqueza forestal da zona o que daría lugar a un sistema de prevención de incendios e á creación de novos postos de traballo”.

A candidata concluíu afirmando que “os socialistas queremos gobernar o concello de Guitiriz mantendo un diálogo permanente con todos os sectores para ter en conta as súas demandas e necesidades”.

Renovación ao 50%

O proxecto socialista no municipio será levado a cabo por unha lista que ven a renovarse case nun 50% e que está composta por 13 integrantes e 3 suplentes:

- 1.- Regina Polín Rodríguez
- 2.- Laura Ageitos Miragaya
- 3.- Carlos Plácido Buján López
- 4.- Pedro Pérez Fanego
- 5.- José Manuel Saa Devesa
- 6.- Daniel Díaz Méndez
- 7.- María del Pilar Vázquez Ares
- 8.- María Sol Morandeira Morandeira
- 9.- Rocío Rego López
- 10.- Javier Freire Caamaño
- 11.- José Pardo Cazón
- 12.- Juan Paz Paz
- 13.- Eva María López Roca

Suplentes:

- 1.- Eva Vázquez Seoane
- 2.- José María Vázquez Ares
- 3.- María Soledad Prado Núñez



NOTA DE PRENSA

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

www.psoeprovincialdelugo.com

www.facebook.com/psoeprovinciallugo

www.twitter.com/PsoeLugo